



Daniel Jurjo

EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



MARÍA ROSA LOJO

A fin da terra

Tradución: Ramón Nicolás

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2006, 252 páxinas

P. V. P. 18€ IVE incluído

ISBN 84-8288-886-2



9 788482 888866

NAS DÚAS BEIRAS DO ATLÁNTICO

Unha das escritoras arxentinas máis destacadas actualmente é María Rosa Lojo, de quen Editorial Galaxia publica, en tradución galega, a novela ***A fin da terra***. As orixes familiares da autora, de pai galego, teñen moito que ver coa obra que agora se edita ao mesmo tempo cá versión en castelán. Historias e personaxes da Arxentina, de Irlanda e de Galicia, conflúen nesta novela, que é unha busca intensa e fascinante no enigma das orixes.

Nun inverno londiniense, alá polo 1874, Elizabeth Armstrong comeza a ler as cartas que inesperadamente lle chegan desde Galicia, concretamente desde a afastada vila de Fisterra. A súa correspondente, Rosalind, promete nelas rachar o teimudo silencio que sempre rodeou o nacemento da protagonista no Río da Prata. As súas cartas lévana corenta anos atrás, á Arxentina, á tribo dos indios *ranqueles*, á súa propia orixe. Entrementres, Elizabeth fai amizade co case adolescente Oscar Wilde, rexeita ofertas matrimoniais e, fascinada, **descobre un pasado**, encóntrase co que descoñece de si mesma.

Historias e personaxes de tempos e culturas diferentes, dun e doutro lado do Atlántico, da Arxentina, de Irlanda e de Galicia, conflúen nesta novela de María Rosa Lojo, unha busca no **enigma da identidade**, un “camiño de Fisterra”, metáfora do límite e do extremo onde nos enfrontamos ao descoñecido, ao misterio que cadaquén leva dentro de si mesmo.

MARÍA ROSA LOJO (Bos Aires, 1954) é autora dunha obra extensa, na que cómpre salientar os contos *Historias ocultas en la Recoleta* (2000) e *Amores insólitos* (2001), as novelas *La pasión de los nómades* (1994), *Una mujer de fin de siglo* (1999) e *Las libres del Sur* (2004), os poemarios *Visiones* (1984), *Forma oculta del mundo* (1991) e *Esperan la mañana verde* (1998) e o libro de ensaio *Sábado: en busca del original perdido* (1997). Obtivo o Primeiro Premio de Poesía da Feira do Libro de Bos Aires (1984), o Premio do Fondo Nacional das Artes no xénero do conto (1985) e no de novela (1986), e o Primeiro Premio Municipal de Bos Aires “Eduardo Mallea”, en novela e conto (1996). Recibiu tamén varios recoñecementos pola súa traxectoria: o Premio internacional do Instituto Literario y Cultural Hispánico de California (1999) e o Premio nacional Esteban Echeverría (2004) polo conxunto da súa obra narrativa.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es